

Teito de gasto

Alicerces legais dos parámetros de estabilidade orzamentaria e teito de gasto non financeiro.

O artigo 57.2 da Lei Orgánica 2/2023, do Sistema Universitario establece que as universidades deberán cumprir coas obrigas establecidas en materia orzamentaria respecto da aprobación de límites de gastos de carácter anual.

De conformidade coa Lei orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF), as Administracións Públicas deben aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación dos seus orzamentos

Polo ámbalas dúas normativas establecen que deben analizarse e aprobarse os parámetros de estabilidade orzamentaria e de teito de gasto non financeiro para asegurar a estabilidade financeira de cada Administración Pública.

Na práctica orzamentaria este teito de gasto determinarase en función da taxa de referencia, que resulta un indicador macroeconómico baseado no crecemento potencial do PIB (3,2%, para 2025)

O límite de gasto se establece anualmente nos orzamentos do Estado como decisión política e orzamentaria do goberno, non se determina como unha porcentaxe directa sobre o orzamento anterior de aplicación automática.

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia o límite de gasto común ten como referencia un crecemento do 3%.

O financiamento do límite máximo do gasto que se aprobe, debe cumprir, tamén, coas normas sobre o déficit público; as recomendacións son de evitar incorrer en déficit, e de ser imposible o importe das diferenzas entre ingresos

e gastos debe ser o menor posible.

As fontes de financiamento do orzamento da Universidade de Vigo son, por orde de importancia, o PFSUG, as subvencións da Administración do Estado, os importes de prezos públicos por matrículas, os importes por servizos prestados en actividades de investigación e transferencia, e as subvencións doutras administracións públicas e de empresas privadas para actividades de investigación fundamentalmente. Tamén é un recurso de financiamento do orzamento o remanente de tesouraría conforme o establecido no artigo 57.4 da LOSU.

Á hora de calcular o importe do teito de gasto débese ter en conta que unha parte importante dos gastos que levará a cabo a Universidade no exercicio 2025 son gastos con financiamento afectado, xa sexa previsto para recibir no exercicio 2025 ou recibido por anticipado en 2024.

Estes importes (ingresos e gastos) non se inclúen no calculo do teito de gasto.

Baseándo en todo o anterior, podemos establecer o seguinte cálculo para o límite máximo de gastos non financeiro que a Universidade podería aprobar:

Resumen por capítulos de ingresos do orzamento 2025			
Capítulo	Afectado	Non afectado	Total
III Taxas e prezos públicos	0,00 €	15.370.000,00 €	15.370.000,00 €
IV Transferencias correntes	13.270.473,00 €	143.129.531,00 €	156.400.004,00 €
V Ingresos patrimoniais	0,00 €	1.145.000,00 €	1.145.000,00 €
VII Transferencias de capital	34.015.728,00 €	10.990.000,00 €	45.005.728,00 €
VIII Variación de activos financeiros	29.216.325,00 €	35.000,00 €	29.251.325,00 €
IX Variación de pasivos financeiros	1.190.023,00 €	0,00 €	1.190.023,00 €
	77.692.549,00 €	170.669.531,00 €	248.362.080,00 €

Resumen por capítulos de gasto do orzamento 2025

Capítulo	Non afectado	Afectado	Importe
I Gastos de persoal	131.734.909,00 €	13.947.634,00 €	145.682.543,00 €
II Gastos correntes en bens e servizos	28.573.270,00 €	6.444.542,00 €	35.017.812,00 €
III Gastos financeiros	390.000,00 €	0,00 €	390.000,00 €
IV Transferencias correntes	3.003.056,00 €	5.307.706,00 €	8.310.762,00 €
V Fondo de continxencia	1.000.000,00 €	0,00 €	1.000.000,00 €
VI Investimentos reais	5.159.096,00 €	51.992.667,00 €	57.151.763,00 €
VIII Activos financeiros	70.000,00 €	0,00 €	70.000,00 €
IX Pasivos financeiros	739.200,00 €	0,00 €	739.200,00 €
	170.669.531,00 €	77.692.549,00 €	248.362.080,00 €

CÁLCULO LÍMITE GASTO PARA 2025

	2024	2025
TOTAL GASTO	248.822.967,00 €	248.362.080,00 €
TOTAL AFECTADO	-75.973.695,00 €	-77.692.549,00 €
TOTAL CAPÍTULO VIII E IX	-670.000,00 €	-809.200,00 €
TOTAL NON AFECTADO NON FINANCIERO	172.179.272,00 €	169.860.331,00 €
MARGEN AUTORIZADO SOBRE EXERC. ANTERIOR	5,00%	3,00%
INCREMENTO AUTORIZADO	8.608.963,60 €	5.165.378,16 €
TOTAL TEITO DE GASTO NON FINANCIERO	180.788.235,60 €	175.025.709,16 €

En consecuencia, o teito de gasto non financeiro para 2025 determínase nun importe de 175.025.709,16 € (cento setenta e cinco vinte cinco mil setecentos nove con dezaseis euros) que tal como establece a normativa non poderá ser superado.